



ANUNCIO

Extracto dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Marín, na sesión ordinaria que tivo lugar o **día 15 de maio de 2019**

1. Apróbase o borrador da acta da sesión ordinaria do 8 de maio de 2019.
2. Concédese licenza para a legalización de obras de construción de galpón anexo a vivenda en Casal, nº 1-Bravos-San Xulián, Marín.
3. Apróbase o expediente de contratación das obras de “Sistema de retención de sólidos no aliviadoiro e equipos para incrementar caudais de impulsión da estación de bombeo de augas residuais da Goleta”, cun orzamento total de 161.873,24 euros, cofinanciada con cargo á subvención por importe de 156.069,17 euros ao abeiro do Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019, da Deputación de Pontevedra.
4. Dáse conta da concesión de subvención para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico e para a mellora das coleccións bibliográficas con destino ás bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, da Consellería de Cultura e Turismo, por importe de 2.784,37 euros para o programa A (Subvencións para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico) e por importe de 4.655,00 euros para o programa B (Subvencións para a mellora das coleccións bibliográficas).
5. Dáse conta da concesión de subvención, por importe de 40.000,00 euros, correspondente ao 65,34 % do orzamento do proxecto denominado “Instalación de ascensor exterior a Museo Municipal Manuel Torres”, cun orzamento total de 61.219,30 euros, ao abeiro da convocatoria de subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.
6. Dáse conta da concesión de subvención, por importe de 40.567,00 euros, correspondente ao 97,96 % do orzamento aceptado para o proxecto “Mantemento da estrada rural Ameal-Ruanova (O Campo-Marín)”, cun orzamento total de 41.412,72 euros, ao abeiro do Plan de mellora de camiños municipais 2019-2020, da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.
7. Solicítase subvención para o apoio, promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico de Galicia, da Axencia Turismo de Galicia, por importe de 6.000 euros, para a liña 1, relativa ao apoio, promoción e difusión das festas de interese turístico de Galicia e para a liña 2, relativa á campaña de información e sensibilización fronte á violencia sexual en espazos públicos, con destino a sufragar os gastos vinculados á celebración da festa de San Miguel de Marín e a súa Danza de Espadas, cun orzamento total de 11.640,89 euros.
8. Dáse conta das bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e convocatoria para o ano 2019, da Consellería de Economía, Emprego e Industria.
9. Solicítase axuda para actuacións dirixidas a facilitar a posta en marcha de accións para fomentar a transversalidade de xénero na planificación e desenvolvemento das políticas locais, da Federación Española de Municipios e Provincias, por importe de 7.998,50 euros, para a realización do Programa de empoderamento e liderazgo feminino, cun orzamento total de 9.410,00 euros.
10. **Rogos e preguntas.** Non se formulan.

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E30002F53F00T4W8C7O4F7N1 en https://sede.concellodemarin.es	FIRMANTE - FECHA	DOCUMENTO 20190193855
	MARIA PILAR RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 22/05/2019 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 22/05/2019 16:03:23	Fecha: 22/05/2019 Hora: 16:03



ILTMO. CONCELLO DE MARÍN

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, decidiu tratar pola vía de urxencia os seguintes asuntos:

- 1.** Adxudícase o contrato de adquisición onerosa de inmovible no núcleo urbano de Marín, con destino a arquivo municipal, sala de lectura e outros usos públicos complementarios, por procedemento aberto mediante concurso, á sociedade Liceo Casino de Marín, por importe de 40.000 euros.
- 2.** Iníciase o expediente de contratación do servizo de "Dirección facultativa e coordinación de seguridade e saúde da obra humanización da rúa Concepción Arenal, entre rotonda das Anclas e rúa José Trasande", mediante procedemento aberto simplificado.

**A ALCALDESA-PRESIDENTA,
María Ramallo Vázquez.**

Avda. de Ourense s/n, 36900 Marín (Pontevedra) - Teléfono 986 880 300 - Fax 986 882 013 - www.marin.es

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E30002F53F00T4W8C7O4F7N1 en https://sede.concellodemarin.es	FIRMANTE - FECHA	DOCUMENTO 20190193855
	MARIA PILAR RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 22/05/2019 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 22/05/2019 16:03:23	Fecha: 22/05/2019 Hora: 16:03

